

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 20 de xuño de 2011 pola que se publica a concesión dos premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2009-2010, convocados pola Orde do 4 de marzo de 2011 (Diario Oficial de Galicia do 15 de marzo).

A Orde do 4 de marzo de 2011 pola que se convocan os premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2009-2010 (DOG do 15 de marzo), establece as bases e o procedemento para a súa concesión.

Unha vez realizada polo xurado de selección a valoración das solicitudes presentadas, publicados os resultados coas puntuacións obtidas polos candidatos, resoltas as reclamacións presentadas, e vistas a acta coa proposta definitiva do xurado de selección dos premios extraordinarios e a correspondente proposta do secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria sobre a concesión destes premios, este conselleiro

DISPÓN:

Primeiro. Conceder os premios extraordinarios de formación profesional de grao superior, correspondentes ao curso 2009-2010 ao alumnado que figura no anexo a esta disposición.

Segundo. Os premios extraordinarios das familias: vidro e cerámica, madeira, moble e cortiza, téxtil, confección e pel e artes gráficas quedan desertos por falta de solicitudes.

Terceiro. Contra esta orde poderase recorrer potestativamente mediante recurso de reposición ante o conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da data de publicación no *Diario Oficial de Galicia*, conforme o disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, coas modificacións da Lei 4/1999, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou ben directamente mediante recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 20 de xuño de 2011.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO

Proposta definitiva de adxudicación dos premios extraordinarios de formación profesional de grao superior correspondentes ao curso 2009-2010

Familia	DNI	Apelidos e nome	Centro educativo	Importe
Agraria	77409714V	Constenla Villoslada, Susana	CFEA de Sergude (Boqueixón, A Coruña)	850 €
Actividades físicas e deportivas	32704713R	Antón Fernández, Héctor	IES Agra do Orzán (A Coruña, A Coruña)	850 €
Administración e xestión	32702221Q	Varela Espiñeira, Vanesa	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro (Ferrol, A Coruña)	850 €
Comercio e máquetin	44454797Y	Cacharrón Cortón, María	CPR Caixanova (Ourense, Ourense)	850 €
Imaxe e son	76733243E	Peréz Dios, Álvaro	CPR TIC (Lugo, Lugo)	850 €
Edificación e obra civil	44487920D	Nespereira Lage, Antonio	CIFP A Farixa (Ourense, Ourense)	850 €
Electricidade e electrónica	44847199M	Lago Lestón, Pedro Agustín	CIFP Politécnico de Santiago (Santiago de Compostela, A Coruña)	850 €
Fabricación mecánica	32785872Q	Paz Queiruga, Daniel	CIFP Someso (A Coruña, A Coruña)	850 €
Hostalaría e turismo	36161437D	Vasconcellos González, Carmen María	CIFP Valentín Paz Andrade (Vigo, Pontevedra)	850 €
Imaxe persoal	44471501N	Varela Fernández, Lucía	IES 12 de Outubro (Ourense, Ourense)	850 €
Industrias alimentarias	33550884W	Pena García, Cristina	IES Leiras Pulpeiro (Lugo, Lugo)	850 €
Informática e comunicacións	33261225M	Corbal Ramos, José Luis	IES San Clemente (Santiago de Compostela, A Coruña)	850 €
Transporte e mantemento de vehículos	77420267J	Sánchez Cerdeira, Alberto	CIFP Politécnico de Santiago (Santiago de Compostela, A Coruña)	850 €
Instalacións e mantemento	34877903J	Álvarez García, César	IES Politécnico de Vigo (Vigo, Pontevedra)	850 €
Marítimo-pesqueira	76942490S	González García, María del Mar	Instituto Galego de Formación en Acuicultura (A Illa de Arousa, Pontevedra)	850 €
Química	44839984N	Cives Sánchez, Bibiana	CIFP Politécnico de Santiago (Santiago de Compostela, A Coruña)	850 €
Sanidade	47367193G	Casás Abruñedo, Vanessa	CIFP Ánxel Casal-Monte Alto (A Coruña, A Coruña)	850 €
Servizos socioculturais e á comunidade	53194344J	Domínguez Fernández, Iria	IES de Chapelá (Redondela, Pontevedra)	850 €

Os/as gañadores/as deberán enviar, no prazo de dez días, á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, Servizo de Avaliación e Calidade do Sistema Educativo, edificio administrativo s/n, bloque 2, 1.º andar, 15781, Santiago de Compostela, a certificación da titularidade dunha conta bancaria con 20 díxitos, na cal se ingresará mediante transferencia bancaria a dotación do premio.